

AVISO IMPORTANTE

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Dende o exercicio 2015 o Servizo de Xestión Tributaria e Recadación provincial dependente da Excma Deputación de Lugo é o encargado de xestionar e recadar o imposto sobre vehículos de tracción mecánica deste concello, polo que é este organismo o que fixa o período de cobro.

Este exercicio 2016, ese Servizo Provincial estableceu como período de cobro voluntario o comprendido entre o **18/04/2016 e o día 20/06/2016**, ámbolos dous incluídos.

Non obstante, ante calquera dúbida relacionada coa xestión deste imposto, pode dirixirse ás oficinas municipais.

O Corgo, 27 de abril de 2016.

AVISO IMPORTANTE

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

(Exercicio 2016)

O **Servizo Provincial de Recadación da Deputación de Lugo** abriu o prazo de recadación do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), **conforme ao seu calendario de cobro de tributos** da maioría dos municipios da provincia (59), entre os que está o do Concello do Corgo.

O devandito periodo de cobro foi anunciado pola Deputación Provincial de Lugo, no BOP nº 88, de 18 de abril deste ano, para o cobro deste Imposto dos municipios da provincia, (Periodo de cobro voluntario do 18 de abril a 20 de xuño de 2016).

Tamén, no mesmo Boletín, expóñense os padróns do IVTM contra os que cabe recurso de reposición ante a Presidencia da Deputación Provincial.

Segundo o citado Servizo de Recadación Provincial, o **calendario orientativo** de recadación do resto dos Impostos, para este exercicio, é o seguinte:

- **Imposto sobre Bens Inmóbles** (urbana, rústica e características especiais): de setembro a novembro.
- **Imposto sobre Actividades Económicas**: de outubro a decembro.

En anos sucesivos estímase que o periodo de cobro non variará substancialmente con respecto ao que agora se notifica.

O alcalde,

José Antonio Ferreiro González